

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDAD, EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD, LA AGENCIA GALLEGA PARA LA GESTIÓN DEL CONOCIMIENTO EN SALUD Y LA ESCUELA UNIVERSITARIA DE FISIOTERAPIA DE LA ONCE PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DEL ALUMNADO DEL "MÁSTER UNIVERSITARIO EN FISIOTERAPIA RESPIRATORIA Y CARDÍACA"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e ACIS ten previsto formalizar coa Escola Universitaria de Fisioterapia da ONCE o convenio arriba referido coa vixencia de catro anos a contar dende o día seguinte o da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer a forma e condicións da colaboración entre as partes asinantes, cara unha axeitada planificación, desenvolvemento e avaliación das prácticas do alumnado do “Máster Universitario en Fisioterapia Respiratoria y Cardíaca” pertencente aos estudos en Ciencias da Saúde da Escola Universitaria de Fisioterapia da ONCE, en centros ou unidades dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase en que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Escola Universitaria de Fisioterapia da ONCE consideran que a colaboración mutua, en canto a transferencia e intercambio de coñecemento, contribúe á mellor realización das actividades propias de cada unha delas, así como a optimización dos seus recursos materiais e humanos.

É vontade destas institucións intensificar as relacións entre o ámbito universitario e o ámbito sanitario, facilitando o achegamento de alumnos/as universitarios/as á realidade profesional do Sistema Sanitario Público e ao desenvolvemento práctico dos

coñecementos teóricos impartidos na Universidade, posibilitando aos profesionais do Sistema Sanitario o desenvolvemento da súa faceta na docencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de maio de 2017.